



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Seminarios de Especialización Aplicada I	Código	615545009d	
Titulación	Máster Universitario en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social (a distancia)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Ferrín Pereira, Mónica	Correo electrónico	monica.ferrin.pereira@udc.es	
Profesorado	Diz Reboredo, Carlos Ferrín Pereira, Mónica Martínez Buján, Raquel Perez Carames, Antía	Correo electrónico	carlos.diz@udc.es monica.ferrin.pereira@udc.es raquel.bujan@udc.es antia.perez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia o alumnado entrará en contacto directo con distintos proxectos en curso, contribuíndo á súa formación complementaria no deseño e implementación da investigación. Abórdanse neste caso as necesidades da investigación desde os ámbitos do xénero, os retos demográficos e da poboación e a inmigración.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A10	C10. Adquirir coñecementos avanzados sobre os aspectos teóricos e prácticos dos retos das sociedades actuais a través dos procesos de investigación e análise social.
A13	H3 Desenvolver unha investigación aplicada con fins de intervención relacionada con algún reto complexo da sociedade.
A16	H6 Desenvolver capacidade para planificar a investigación, elixindo correctamente as fases e os procedementos que garantan a máxima rigorosidade e que sexan adecuados a distintos contextos dentro do ámbito público ou privado.
A19	H9 Desenvolver unha capacidade avanzada para avaliar a calidade e os resultados dos procesos de investigación.
A20	CP1. Contrastar a importancia da diversidade metodolóxica existente para a análise da realidade social, política e económica, abordando distintos problemas complexos das sociedades actuais a través de solucións creativas e novas.
A21	CP2. Aplicar os procesos e protocolos de captación de información de forma ética necesarios para observar e analizar de forma correcta e respectuosa a realidade social, política e económica, especialmente en contextos de alta vulnerabilidade ou complexidade.
A22	CP3. Elaborar e implementar proxectos de investigación en contornas novas ou pouco coñecidos.
A23	CP4. Desenvolver a capacidade para aplicar os coñecementos teóricos e metodolóxicos adquiridos á actividade profesional en contornas interdisciplinares.
A25	CP6. Desenvolver a capacidade de entender en profundidade os fundamentos teóricos e prácticos dos métodos estatísticos, as técnicas multivariantes e as ferramentas de software para a análise avanzada.
A26	CP7. Desenvolver a capacidade de xerar teorías de alcance intermedio e, por tanto, potencialmente aplicables/transferibles á sociedade, interpretando os inputs que xeran as técnicas de análise social.
A29	CP10. Elaborar, presentar e defender de maneira individual un exercicio orixinal de carácter profesional no ámbito da investigación que faga unha contribución significativa ao estado da cuestión no estudo dun problema complexo e/ou á súa resolución práctica.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Aprenderá como o coñecemento teórico avanzado adquirido sobre a investigación social se aplica no estudo das principais realidades sociais, marcadas por procesos e retos como a desigualdade de xénero, a migración, o avellentamento da poboación ou a distribución xeográfica da poboación (por exemplo, rural vs. urbano).	AM10	
	AM13	



Familiarizarse con procesos e proxectos de investigación aplicados reais en entornos multidisciplinares no ámbito do xénero, da migración, do avellentamento da poboación ou a distribución xeográfica da poboación.	AM16 AM22 AM23		
Coñecerá exemplos da investigación social realizada na actualidade para saber, de forma práctica, como se implementa o coñecemento social para abordar a investigación dos restos sociais actuais.	AM20		
Aprenderá de forma aplicada o uso do método científico, así como a aplicación dos fundamentos epistemolóxicos e éticos da investigación, para os retos da sociedade.	AM21 AM25 AM26		
Saberá transmitir de forma clara os resultados da investigación a distintos públicos especializados ou non	AM29		
Terá a capacidade de desenvolver o seu traballo de investigación de forma autónoma en proxectos de investigación dentro do ámbito temático en contextos de alta transferencia de coñecemento	AM19		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. GENPOL - A desigualdade de xénero na implicación política: niveis local e nacional	Esta investigación propón abordar as causas da desigualdade de xénero na implicación política, incorporando o estudo do nivel local, que se vencella tradicionalmente a un maior nivel de participación por parte das mulleres. Para analizar este fenómeno emprégase unha metodoloxía mixta, que combina o enfoque cuantitativo e o cualitativo e integra a participación da cidadanía e de axentes políticos.
2. CAREMODEL - O modelo de coidados de larga duración en transición: xénero e migracións	Este proxecto propón como obxectivo principal abordar os efectos da pandemia Covid_19 no sistema de coidados de larga duración en España. Analiza as consecuencias deste proceso no actual modelo de atención ás persoas maiores e adultos dependentes. A análise destas cuestións require articular complexas dimensións nas que se entrecruzan a filosofía de implementación dos recursos públicos e privados, os valores e a cultura, e o mercado laboral.
3. CRISMIG - Crises, dinámicas migratorias e condicións de vida da poboación migrante en España	Esta investigación propón abordar a relación entre as recentes crises e o fenómeno migratorio en España integrando a análise das dinámicas migratorias e as condicións de vida da poboación migrante. A aproximación metodolóxica repousa nunha estratexia multimétodo que articula técnicas cuantitativas e cualitativas mediante unha estratexia de triangulación de carácter secuencial e que incorpora a participación dos principais axentes implicados.
4. RIDERS - Culturas emerxentes da precariedade móbil na gig economy dixital	Nesta investigación, a chamada "economía de plataformas" é estudada a partir da análise da vida cotiá dos riders ou repartidores de comida a domicilio, rastreando a precariedade móbil nas cidades contemporáneas. A metodoloxía utilizada conleva o desenvolvemento dunha etnografía itinerante multisituada, partindo da mobilidade como enfoque e práctica metodolóxica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral	A19 A29	8	30	38
Lecturas	A21 A23 A25	0	61	61
Discusión dirixida	A19 A20	8	0	8
Seminario	A10 A13 A16 A20 A22 A26	16	0	16
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Guiada polas directrices do grupo docente, prepararase unha presentación das lecturas asociadas a cada un dos proxectos de investigación e presentarase oralmente ao resto do alumnado. O alumnado fará a presentación sincronamente a través de Teams ou aportará a presentación gravada.
Lecturas	Lectura individual de textos académicos asociados a cada un dos proxectos de investigación.
Discusión dirixida	Logo das presentacións orais, organizarase unha discusión dirixida, na que se exercerá a revisión por pares e a presentación de teorías e metodoloxías alternativas. A discusión levarase a cabo de maneira oral a través de Teams sincronamente, ou asincronamente, a través do chat de Moodle durante o periodo especificado polo grupo docente.
Seminario	Seminarios nos que se presentarán os distintos proxectos en curso. Sempre que sexa posible, participarán no seminario outros membros do proxecto. Os seminarios emitiránse sincronamente a través de Teams e os estudantes terán acceso á gravación dos mesmos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario Presentación oral Discusión dirixida	A atención personalizada ao alumnado realizarase respecto ao conxunto de actividades que comprende a materia. Por tanto, dita atención prestarase na resolución de dúbidas que poidan xurdir durante os seminarios ou para comprensión das lecturas. Con todo, pola mesma natureza da presentación oral, a atención personalizada reforzase mediante un horario de titorías establecido para ese efecto. No caso dos/as estudantes matriculados a tempo parcial, acordarase un horario de titorías acomodado ás circunstancias persoais do devandito alumnado.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A19 A29	Valoraranse os contidos, así como a claridade na presentación oral.	80
Discusión dirixida	A19 A20	Valorarase a participación do alumnado na discusión dirixida	20

Observacións avaliación

Cada docente valorará de forma independente ao alumnado. A nota final corresponderase coa nota media acadada nas prácticas asociadas a cada un dos proxectos de investigación.
--

Fontes de información

Bibliografía básica	Casas-Cortes, Maribel (2019) Care-tizenship: precarity, social movements, and the deleting/re-writing of citizenship, <i>Citizenship Studies</i> , 23:1, 19-42, DOI: 10.1080/13621025.2018.1556248 Ferrín, Mónica y Marta Fraile (2014). ?La medición del conocimiento político en España: problemas y consecuencias para el caso de las diferencias de género?. <i>Revista Española de Investigaciones Sociológicas</i> . 147: 53-72. Ferrín, Mónica; Fraile, Marta; García-Albacete, Gema (2019) ?Adult roles and the gender gap in political knowledge: a comparative study?. <i>West European Politics</i> , 42(7): 1368-1389 Martínez-Buján, R., Taboada, O. y Del Moral, L. (2021) Experiencias colectivas de cuidados durante la infancia: dinámicas, debates y tensiones. <i>Revista Española de Sociología</i> , 30(2), a31 Pérez-Caramés, A.; Dominguez-Mujica, J. y Ortega-Rivera, E. (2021). Se hace camino al andar. Reemigración de latinoamericanos desde España hacia otros países europeos (2006-2008). <i>Revista Española de Sociología</i> , 30 (4). Pérez-Caramés, A. (2021). La diversificación de los patrones de movilidad en el cambio de ciclo migratorio: procesos emergentes en la nueva emigración desde España. <i>Revista Española de Sociología</i> , 30 (4). Vega, C., Martínez-Buján, R. y Paredes, M. (2018) Cuidado, comunidad y común. Extracciones, apropiaciones y sostenimiento de la vida Madrid: Traficantes de Sueños.
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Matriculación Esta é unha das tres materias optativas que se ofertan no 2º cuatrimestre. Para superar a titulación, deberán cursarse polo menos dúas materias optativas, a elixir os seminarios de especialización e o complemento de formación "Análise estatística descritiva e inferencial" (1º cuatrimestre). Quen se matricule no complemento de formación, só necesitará matricularse nun seminario de especialización. Quen non se matricule no complemento de formación, necesitará cursar dous seminarios de especialización. Unha aprendizaxe sustentábel, non sexista e integradora Nas actividades que se levan a cabo nesta materia respetaranse as normas da sustentabilidade, igualdade de sexos e integración das persoas por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais. Sustentabilidade.- A entrega dos traballos documentais realizarase en formato dixital e a través de Moodle. - Cando se empregue papel, aconséllase que sexa reciclado e con formatos de impresión sinxelos e a dobre cara. - Evitarase a impresión innecesaria de borradores.- Non se admitirán traballos con elementos plásticos (portadas, carpetas, etc). Igualdade por razóns de xénero/sexo- Evitaranse actitudes e expresións sexistas e integración das persoas con problemas por razóns físicas, psíquicas ou socioculturais.- Daraselles o apoio necesario tanto nas actividades programadas como na aprendizaxe en xeral da materia.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías